



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA DAR COBERTURA AS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN PREVISTAS NO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN "*Diagnosis and Management of Febrile Illness using RNA Personalised Molecular Signature Diagnosis*" (DIAMONDS)

En Santiago de Compostela, a 1 de decembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade, nomeado por Decreto 44/2024, de 14 de abril, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 144/2024 e 145/2024, de 20 de maio, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; así como no establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E doutra, **D. Ángel Facio Villanueva**, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Pública Galega Instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela, en virtude do seu cargo como titular da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, segundo se establece no artigo 16.3) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 17 de xuño de 2024 do Padroado da Fundación, inscrita na folla número 3 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 30 de maio de 2001.

Ambas partes, actuando no exercicio das súas respectivas competencias e con plena capacidade xurídica para subscribir o presente documento,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o presente convenio ten por obxecto **articular a colaboración para a execución das actuacións previstas** no proxecto *Diagnosis and Management of Febrile Illness using RNA Personalised Molecular Signature Diagnosis*, (DIAMONDS), no ámbito hospitalario e de atención primaria de saúde na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Segundo.- Que o Servizo Galego de Saúde incorpora como un dos elementos fundamentais da súa actividade a investigación e a innovación biomédica. Así, a Estratexia Sergas 2030 establece como unha das súas liñas estratéxicas impulsar a xestión do coñecemento e a investigación, a través de innovacións organizacionais, con liderado en investigación, atracción de financiamento para investigación e aproveitamento de coñecementos particulares para a mellora común do sistema. Ademais, outro dos obxectivos é promover a participación dos profesionais en iniciativas e proxectos de ámbito internacional, polo que o proxecto citado ten pleno encaixe na citada estratexia.

Terceiro.- Que o artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, prevé que os axentes e organismos públicos de investigación, poidan subscribir convenios de colaboración entre si ou con axentes (nacionais, supranacionais ou estranxeiros) que realicen actividades de investigación científica e técnica, para a realización conxunta de proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica; ou uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación. Por outra banda, a citada lei, no seu artigo 35, establece que as Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a valorización, a protección e a transferencia do coñecemento co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade.

Cuarto.- Que a Fundación **Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** (en adiante FIDIS) é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

A Fundación está integrada no sector público autonómico de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e de conformidade co acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 28 de decembro de 2023 no que se aprobou a modificación dos seus estatutos, polo que ten a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e está adscrita á consellería competente en materia de sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde.

A Fundación ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento

científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a Fundación serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, acadando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

Quinto.- Que a **Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde** (en adiante, ACIS) é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A ACIS foi creada polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e apróbanse os seus estatutos, como un instrumento para a xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia, así como para o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, así como a formación continuada dos/as profesionais das institucións sanitarias.

Sexto.- Que as Partes están interesadas en favorecer e impulsar a realización conxunta de proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación, así como en fomentar a valorización, a protección e a transferencia do coñecemento xerado, de conformidade coa Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Que as Partes participan no proxecto colaborativo "*Diagnosis and Management of Febrile Illness using RNA Personalised Molecular Signature Diagnosis*" (en diante, proxecto DIAMONDS), do que é investigador principal o Dr. Federico Martínón Torres.

Que para poder desenvolver correctamente o proxecto DIAMONDS, é necesario que parte das accións do proxecto se desenvolva en contacto directo con pacientes pediátricos a través das consultas e dos servizos de urxencias. Polo tanto, o persoal que se empregue para o proxecto terá que ter ademais dun perfil investigador as competencias asistenciais para atender pacientes, informar sobre o proxecto e promover a participación no mesmo do maior número posible de pacientes. o que inclúe a **realización das tarefas habituais dun pediatra hospitalario, incluíndo gardas.**

De conformidade cos antecedentes expresados, as Partes acordan subscribir o

presente convenio de colaboración (en diante, o "Convenio"), de conformidade cos termos e condicións establecidas nas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO ACORDO.

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, ACIS e FIDIS para a execución das actuacións previstas no proxecto DIAMONDS, garantindo de maneira expresa a continuidade do persoal investigador-asistencial (especialistas en Pediatría do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago) e a cobertura das intensificacións necesarias para manter os niveis asistenciais adecuados no centro de referencia. .

SEGUNDA.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS.

As actuacións comprendidas neste Convenio teñen como obxecto garantir a **continuidade da investigación** no proxecto DIAMONDS, e a **necesaria cobertura asistencial** no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

As actuacións son as seguintes:

1. **Incorporación de investigadores pediatras.** Dotar con fondos do proxecto DIAMONDS a cobertura desde o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de un máximo de tres (3) especialistas en Pediatría para a realización de labores de investigación relacionadas co Proxecto DIAMONDS. O desenvolvemento e execución do proxecto, tendo en conta a súa natureza e contido, esixe que os citados especialistas poidan desenvolver actividades tamén mediante a súa presenza física en gardas na Área de Pediatría.

Os facultativos designados serán os mesmos especialistas en Pediatría que participaron no proxecto desde a súa posta en marcha, garantindo a continuidade das actividades de investigación e asistencia clínica.

2. **Cobertura de Intensificación e Garantía de Recursos Humanos.** O presente Convenio tamén ten por obxecto garantir a debida cobertura das necesidades de Recursos Humanos para atender e manter os adecuados niveis asistenciais no CHUS. Para tal fin, a cobertura financeira do Proxecto, a través de FIDIS, poderá abranguer as intensificacións necesarias que permitan ao persoal investigador implicado no Proxecto (facultativo e de enfermaría) liberar tempo asistencial para desenvolver axeitadamente as tarefas de investigación que a execución do Proxecto esixe.

- 3. A dotación dos postos de persoal investigador-asistencial e a cobertura das intensificacións responderá á modalidade contractual de acordo coa normativa** que lle resulte de aplicación.

TERCEIRA.- ACHEGAS ECONÓMICAS.

Os fondos do proxecto DIAMONDS serán achegados no primeiro mes da anualidade, desde a FIDIS á conta que designe o Servizo Galego de Saúde. A achega económica de FIDIS, en base a este convenio, dará cobertura ao coste de contratación de 3 pediatras durante os tres primeiros meses do 2026. O importe total será de: 53.269,63€, que se corresponde co custo real (salario bruto máis aportacións á seguridade social) de tres facultativos/as de pediatría, segundo táboas salariais de 2025.

Esta aportación poderá ser aumentada no caso de que as devanditas táboas salariais sexan modificadas para a anualidade 2026.

Este Convenio non supón gasto algún para a Consellería de Sanidade nin para o Servizo Galego de Saúde. As Partes facilitarán as tarefas de xustificación dos fondos que serán coordinadas pola FIDIS.

CUARTA.- CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas abrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións entre as partes.

QUINTA.- SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES.

Nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por representantes das tres entidades:

1. A Xerente da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, ou persoa que lle substitúa.
2. A Directora da FIDIS, ou persoa que lle substitúa.

3. A Directora da Área de Planificación e Promoción da Investigación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, ou persoa que lle substitúa.

A esta comisión corresponderánlle as seguintes funcións:

1. O seguimento do proxecto DIAMONDS no relativo ao presente Convenio.
2. Resolver dúbidas de interpretación e discrepancias que poidan xurdir durante a execución.

SEXTA.- VIXENCIA, DURACIÓN E MODIFICACIÓN.

O presente Convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa firma, , cun máximo de duración de catro 4 anos computados a partir da data de sinatura, segundo se recolle no artigo 49 da Lei 40/ 2015, quedando a súa duración e eficacia vinculada ao cumprimento das actuacións do proxecto DIAMONDS.

Este Convenio poderase extinguir anticipadamente por:

- a) A vontade de calquera das partes, que se instrumentará por escrito cun preaviso mínimo de tres meses.
- b) A imposibilidade sobrevinda, legal ou material, de desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- c) O incumprimento manifesto, por calquera das partes, das cláusulas do presente Convenio.
- d) As reestruturacións funcionais en calquera das institucións asinantes do Convenio que fagan inviable o seu cumprimento.
- e) A finalización das causas que motivan a subscripción do acordo.

SÉTIMA.- XURISDICIÓN

Este acordo ten natureza de convenio de colaboración, quedando excluído da aplicación da lexislación dos contratos administrativos, a teor do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Este acordo ten natureza administrativa. As dúbidas que poden xurdir sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Con todo, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan



xurdir da súa interpretación e cumprimento.

OITAVA.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos art. 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autónoma, para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

E en proba de conformidade, as partes asinan electrónicamente a presente convenio, por duplicado exemplar, na data e lugar arriba indicados.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Fundación Pública Galega
Instituto de Investigación Sanitaria de
Santiago de Compostela (FIDIS)

Asdo. D. Antonio Gómez Caamaño

Asdo. D. Ángel Facio Villanueva.